

o

Código	Nome
702	Singapur.
760	Siria.
706	Somalia.
144	Sri-Lanka.
666	St. Pierre e Miquelon.
736	Sudán.
752	Suecia.
756	Suíza.
740	Surinam.
748	Suazilandia.
764	Tailandia.
158	Taiwan.
762	Taxiquistán.
834	Tanzania.
148	Chad.
626	Timor Oriental.
768	Togo.
772	Tokelau.
776	Tonga.
780	Trindade e Tobago.
788	Tunicia.
795	Turkmenistán.
792	Turquía.
798	Tuvalu.
804	Ucraina.
800	Uganda.
810	URSS.
858	Uruguai.
860	Usbequistán.
548	Vanuatu.
862	Venezuela.
704	Vietnan.
388	Xamaica.
392	Xapón.
268	Xeorxia.
292	Xibraltar.
262	Xibutí.
400	Xordania.
180	Zaire.
894	Zambia.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

23746 *REAL DECRETO 1287/2002, do 5 de decembro, polo que se modifican os reais decretos 139/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector das carnes de ovino e caprino, e 1839/1997, do 5 de decembro, polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos a prima e para o acceso ás reservas nacionais respecto ós produtores de ovino e caprino e dos que manteñen vacas nutrices. («BOE» 292, do 6-12-2002.)*

O artigo 39 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea establece, entre os obxectivos da Política Agrícola Común, o de garantir un nivel de vida equitativo

para a poboación agraria. No ámbito da gandería, a lexislación comunitaria prevé distintas axudas directas ós produtores dentro dos mecanismos de cada organización común de mercados.

Neste sentido, o Regulamento (CE) número 2529/2001, do Consello, do 19 de decembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector da carne de ovino e caprino, establece un conxunto de medidas relativas ó mercado interior, que comprenden un réxime de primas por ovella e cabra, así como unha axuda complementaria para os produtores situados en determinadas rexións, modificando a lexislación sobre axudas neste sector que se encontraba vixente ata a entrada en vigor dese regulamento.

Ó abeiro do Regulamento (CE) número 2529/2001, os estados membros poden elixir entre determinadas opcións no que se refire ás modalidades de concesión de certas axudas.

O Real decreto 139/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector da carne de ovino e caprino, ten como obxecto determina-lo marco básico no que se deben encadralas actuacións das administracións públicas competentes na tramitación, resolución e pagamento destas axudas a partir do ano 2002.

Co obxecto de precisa-lo citado marco básico, é conveniente realizar certas modificacións, en especial no relativo á forma de establece-los pagamentos adicionais a partir do ano 2003, polo que procede modifica-lo Real decreto 139/2002, mediante este real decreto.

Así mesmo, é conveniente modificar certos aspectos do artigo 11 do Real decreto 139/2002, en relación coa forma de proceder para establece-la relación de produtores de ovino que comercialicen leite e produtos lácteos de ovella, tendo en conta que son as comunidades autónomas as responsables de ter dispoñible, para cada campaña, a relación de produtores que comercializan leite e produtos lácteos de ovella do seu ámbito territorial e que a recompilación das relacións de produtores das comunidades autónomas por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non achega ningunha mellora na coordinación da prima por gando ovino.

Finalmente, o Regulamento (CE) número 2550/2001, da Comisión, do 21 de decembro, que establece as disposicións de aplicación no referente ós réximes de primas do Regulamento (CE) número 2529/2001, do Consello, do 19 de decembro, polo que se establece a organización común do mercado das carnes de ovino e caprino e modifica o Regulamento (CE) número 2419/2001, derroga, entre outros, o Regulamento (CEE) número 3567/92, da Comisión, do 10 de decembro, polo que se establecen as disposicións de aplicación relativas ós límites individuais, reservas nacionais e transferencias de dereitos previstos no Regulamento (CEE) número 3013/89, do Consello, do 25 de setembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector das carnes de ovino e caprino.

Sen prexuízo da directa aplicación das disposicións do Regulamento (CE) número 2550/2001, a experiencia obtida no ámbito das transferencias de dereitos de prima de ovino e caprino esixe a modificación, a través deste real decreto, dalgunhas disposicións do Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro, polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións do dereito a prima e para o acceso ás reservas nacionais respecto ós produtores de ovino e caprino e dos que manteñen vacas nutrices.

De igual xeito, débese engadir unha nova disposición adicional no Real decreto 1839/1997, que introduza

un réxime especial para Canarias en aplicación do Regulamento (CE) número 1454/2001, do Consello, do 28 de xuño, polo que se aproban medidas específicas en favor das illas Canarias en relación con determinados produtos agrícolas e polo que se derroga o Regulamento (CEE) número 1601/92, do Consello, do 15 de xuño, sobre medidas específicas a favor das illas Canarias, relativas a determinados produtos agrarios.

De acordo co establecido nos dous reais decretos que se modifican, o título competencial habilitante desta disposición é o artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 139/2002, do 1 de febreiro.*

O Real decreto 139/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector das carnes de ovino e caprino, queda modificado como segue:

Un. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Pagamentos adicionais.*

1. A concesión dos pagamentos adicionais deberase axustar ós seguintes principios xerais:

a) As autoridades competentes efectuarán, anualmente, pagamentos adicionais ós produtores instalados no seu ámbito territorial sen superalas contías totais que se recollen no anexo 6 deste real decreto.

b) Non obstante o establecido no parágrafo anterior, as autoridades competentes poderán adoptala decisión de complementala cantidade global asignada ó seu ámbito territorial que se recolle no anexo 6 deste real decreto mediante a redución en 1 euro da prima recollida no artigo 4, de acordo cos criterios que establece o punto 1 do artigo 11 do Regulamento (CE) número 2529/2001.

c) Os pagamentos adicionais adoptarán a forma de pagamentos por cabeza de gando, e realízanse de acordo cos criterios que cada comunidade autónoma considere oportunos de entre as modalidades establecidas no punto 2 deste artigo. A súa contía non se poderá vincular ás fluctuacións dos prezos de mercado.

d) Co fin de lles garantir un trato equitativo ós produtores do conxunto do estado e evita-las distorsións do mercado e da competencia, os pagamentos adicionais, baixo calquera das súas modalidades, non poderán ter un importe unitario superior ós 4 euros por cabeza e ano.

e) A autoridade competente poderá incrementar ata nun 50 por 100 a contía unitaria dos paga-

mentos adicionais cando os beneficiarios se encontraren nalgunha destas circunstancias:

1.^a Sexan agricultores mozos.

2.^a Posúan animais ovinos ou caprinos inscritos nalgún dos libros xenealóxicos das razas ovinas ou caprinas que figuran no Catálogo Oficial de Razas de Gando en España, tal e como se definen no Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro.

O incremento da contía unitaria, que poderá ser diferente para cada caso e sempre dentro do límite do 50 por 100, non será computable para os efectos da superación do importe máximo fixado no parágrafo d) deste punto.

2. Os pagamentos adicionais poderán adoptar unha ou varias das modalidades seguintes, segundo o que estableza a autoridade competente:

a) Pagamentos adicionais ós produtores de ovino e caprino, que posúan explotacións que contribúan á fixación da poboación en determinadas zonas, malia non estaren catalogadas como desfavorecidas de acordo co establecido nos artigos 18, 19 e 20 do Regulamento (CE) número 1257/99, do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA), e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos.

As comunidades autónomas poderán restrinxilo ámbito destas zonas en función da súa propia especificidade, así como establece-lo criterio conforme o cal valorarán a contribución destas explotacións á fixación da poboación. Este criterio basearase, con carácter xeral, na esixencia de que a residencia do gandeiro estea situada no termo municipal ou a comarca onde radica a explotación ou, cando así o determine a autoridade competente, nun termo municipal limítrofe co municipio ou comarca na que se encuentre situada a explotación.

b) Pagamentos adicionais ós produtores titulares ou cotitulares de explotacións agrarias prioritarias tal e como se definen no artigo 2 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

c) Pagamentos adicionais ós produtores que posúan explotacións cualificadas como «Explotacións Gandeiras Ecolóxicas», de acordo cos requisitos do Regulamento (CE) número 1804/1999, do Consello, do 19 de xullo, polo que se completa, para incluí-las producións animais, o Regulamento (CEE) número 2092/91, do Consello, do 24 de xuño, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, sempre que estean sometidos a un sistema de control externo que se axuste á norma EN 45011.

d) Pagamentos adicionais ós produtores que pertencen a cooperativas ou agrupacións de produtores agrarios (APA), que teñan por finalidade a mellora e racionalización da transformación e comercialización dos produtos de ovino e caprino.

e) Pagamentos adicionais ós produtores que posúan explotacións que obtivesen nos cinco anos anteriores, ó abeiro do derogado Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, sobre melloras estruturais e modernización das explotacións agrarias,

o ou do Real decreto 613/2001, algunha das seguintes clases de axudas oficiais:

1.^a Axuda para a realización de investimentos na explotación agraria.

2.^a Axuda para a primeira instalación de agricultores mozos.

3.^a Axudas a investimentos en plans de mellora destinadas a adecua-la base territorial da explotación.

f) Pagamentos adicionais ós produtores de explotacións que teñan a cualificación sanitaria de M3, tal e como se definen no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

g) Pagamentos adicionais ós produtores integrados en agrupacións de defensa sanitaria (ADS), reguladas no Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras.

h) Pagamentos adicionais ós produtores que participan en denominacións específicas de calidade, de conformidade co previsto no Regulamento (CEE) número 2081/92, do Consello, do 14 de xullo, relativo á protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe das producións agrícolas e alimentarias.»

Dous. Elimínase o punto 3 e modifícase o punto 1 do artigo 11, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Para lle dar cumprimento ó establecido no artigo 8 do Regulamento (CE) número 2550/2001, da Comisión, do 21 de decembro, que establece as disposicións de aplicación, no referente ós réximes de primas do Regulamento (CE) número 2529/2001, as comunidades autónomas establecerán, nos trinta primeiros días do período de retención, unha relación dos produtores de ovino que comercialicen leite e produtos lácteos de ovella.»

Tres. Engádese unha disposición adicional, co seguinte contido:

«Disposición adicional única. *Campaña 2003.*

Excepcionalmente, na campaña 2003, a redución da prima recollida no artigo 4 para determina-los pagamentos adicionais, para efectos do previsto no parágrafo b) do punto 1 do artigo 6, será de 0,5 euros, e o importe máximo dos pagamentos adicionais establecido no parágrafo d) citado será de 3 euros.»

Catro. Suprímese do anexo 4 a referencia á comarca de Ripollés (Girona).

Cinco. Engádese un novo anexo 6, co contido que figura no anexo deste real decreto.

Artigo segundo. Modificación do Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro.

O Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro, polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos a prima e para o acceso ás reservas nacionais respecto ós produtores de ovino e caprino e dos que manteñen vacas nutrices, queda modificado da seguinte maneira:

Un. Modifícase o parágrafo a) do punto 2 do artigo 2, que terá a seguinte redacción:

«a) Cando se trate dun produtor de vacas nutrices titular de sete dereitos a prima como máximo; neste caso, se non utiliza cando menos o 90 por 100 dos seus dereitos durante dous anos consecutivos e en cada un deles, a parte non utilizada durante o último ano seralle retirada, integrándose na reserva nacional.

Así mesmo, cando se trate dun produtor de ovino e caprino, que sexa titular de vinte dereitos á prima como máximo, que non utilice durante dous anos consecutivos e en cada un deles o 90 por 100 dos seus dereitos, a parte non utilizada no último ano seralle retirada, integrándose na reserva nacional.»

Dous. O punto 1 do artigo 8 quedará redactado como segue:

«1. As transferencias inter vivos de dereitos, así como as cesións temporais destes, só serán efectivas trala súa comunicación conxunta polo produtor transferidor, ou cedente, e o adquirente, ou cesionario, ó órgano competente da comunidade autónoma na que solicitou a prima correspondente á última campaña o produtor transferidor ou cedente dos dereitos.»

Tres. Engádese un punto 5 no artigo 9, co seguinte texto:

«5. No caso de que a transferencia ou cesión non reúna os requisitos necesarios, o órgano competente da comunidade autónoma na que se presentou notificaralles ó transferidor, ou cedente, e ó adquirente, ou cesionario, a resolución motivada no prazo establecido no punto 1.»

Catro. Suprímese o parágrafo c) do punto 2 do artigo 10.

Cinco. Os parágrafos d) e e) do punto 2 do artigo 10 pasarán a se-los parágrafos c) e d).

Seis. Engádese unha disposición adicional terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Réxime especial para Canarias.*

1. En virtude do establecido no punto 5 do artigo 5 do Regulamento (CE) número 1454/2001, do Consello, do 28 de xuño, o límite máximo de dereitos de prima por vaca nutriz para Canarias será de 5.000.

2. Tendo en conta o réxime específico aplicable a Canarias, en virtude dos puntos 5 e 6 do artigo 5 do Regulamento (CE) número 1454/2001, non se poderán realizar transferencias ou cesións de dereitos de prima por vaca nutriz entre produtores de Canarias e do resto de España.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003.

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO

«Anexo 6 do Real decreto 139/2002, do 1 de febreiro

Distribución entre comunidades autónomas dos fondos adicionais

Comunidade Autónoma	Importe — Euros
Andalucía	2.791.715
Aragón	2.392.824
Principado de Asturias	68.959
Illes Balears	237.929
Canarias	172.378
Cantabria	66.849
Castilla-La Mancha	2.922.599
Castilla y León	3.895.188
Cataluña	727.827
Extremadura	3.187.219
Galicia	157.486
Madrid	155.555
Región de Murcia	517.867
Navarra	624.804
País Vasco	261.628
La Rioja	185.788
Comunidade Valenciana	460.386
Total fondos	18.827.000»

XEFATURA DO ESTADO

24044 LEI ORGÁNICA 9/2002, do 10 de decembro, de modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, e do Código civil, sobre subtracción de menores. («BOE» 296, do 11-12-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección dos intereses do menor definiu unha liña de actuación primordial á hora de legislar en España desde a nosa Constitución. Isto foi así especialmente naquelas cuestións relacionadas coa súa custodia, tentando con isto evitar, no posible, os efectos prexudiciais que en supostos de crises familiares lles poidan ocasionar determinadas actuacións dos seus proxenitores.

O Código penal de 1995, entre outras importantes novidades, procedeu a suprimir como delicto, con substantividade propia, a subtracción de menores de sete anos. En cambio agravou a pena para os delitos de detención ilegal ou secuestro cando a vítima for menor de idade ou incapaz. Non obstante, naqueles supostos onde quen verifica a conducta de subtracción ou de negativa a restituí-lo menor é un dos seus proxenitores, cando as facultades inherentes á custodia do menor foron atribuídas legalmente ó outro proxenitor ou a

algunha persoa ou institución en interese do menor, resulta necesario prever unha resposta penal clara, distinta do delicto de desobediencia xenérico, así como prever medidas cautelares no ámbito civil que eviten as subtraccións ou retencións ilícitas de menores.

Artigo primeiro.

1. Engádesse unha nova sección dentro do capítulo III do título XII do libro II do Código penal co seguinte rótulo:

«Da subtracción de menores».

2. A nova sección situarase a seguir da primeira, pasando a actual sección segunda a se-la sección terceira.

Artigo segundo.

Engádesse un artigo novo no Código Penal, co número 225 bis, que se insire na nova sección segunda creada por esta lei e coa redacción seguinte:

«Artigo 225 bis.

1. O proxenitor que sen causa xustificada para iso subtraia o seu fillo menor será castigado coa pena de prisión de dous a catro anos e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de patria potestade por tempo de catro a dez anos.

2. Para os efectos deste artigo, considérase subtracción:

1.º O traslado dun menor do seu lugar de residencia sen consentimento do proxenitor con quen conviva habitualmente ou das persoas ou institucións ás cales estivese confiada a súa garda ou custodia.

2.º A retención dun menor incumprindo gravemente o deber establecido por resolución xudicial ou administrativa.

3. Cando o menor sexa trasladado fóra de España ou fose esixida algunha condición para a súa restitución, a pena sinalada no número 1 imporase na súa metade superior.

4. Cando o substractor comunicase o lugar de estadía ó outro proxenitor ou a quen corresponda legalmente o seu coidado dentro das vinte e catro horas seguintes á subtracción co compromiso de devolución inmediata que efectivamente leve a cabo, ou a ausencia non fose superior a ese prazo de vinte e catro horas, quedarán exento de pena.

Se a restitución a fixer, sen a comunicación a que se refire o parágrafo anterior, dentro dos quince días seguintes á subtracción, seralle imposta a pena de prisión de seis meses a dous anos.

Estes prazos computaranse desde a data da denuncia da subtracción.

5. As penas sinaladas neste artigo imporanse igualmente ós ascendentes do menor e ós parentes do proxenitor ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que incorran nas condutas anteriormente descritas.»

Artigo terceiro.

Engádesse un novo parágrafo ó artigo 224 do Código penal coa seguinte redacción:

«Na mesma pena incorrerá o proxenitor que induza o seu fillo menor a infrinxi-lo réxime de custodia establecido pola autoridade xudicial ou administrativa.»